

AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

Resolución do 11 de abril de 2008 pola que se aproba a convocatoria ordinaria para solicitar a avaliación previa á asignación das retribucións adicionais relativas ao complemento de recoñecemento polos cargos de xestión e se abre o prazo de presentación de solicitudes.

O Decreto 55/2004, do 4 de marzo, polo que se establecen as retribucións adicionais vinculadas a méritos adicionais docentes, investigadores e de xestión do profesorado universitario, establece no seu articulado a necesidade da aprobación dun protocolo de avaliación por parte da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), como órgano encargado de realizar a valoración previa da actividade docente e investigadora, necesaria para a asignación das retribucións adicionais reguladas polo mencionado decreto.

Coa aprobación da orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 16 de outubro de 2006 (DOG do 26 de outubro), pola que se publica o protocolo de avaliación elaborado pola Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA), relativo aos criterios e méritos de valoración e aos procedementos para solicitar a valoración previa e asignación dos complementos de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora e de recoñecemento polos cargos de xestión, complétase o sistema para avaliar ou informar as actividades docentes e investigadoras, previas á asignación das retribucións adicionais vinculadas ao recoñecemento do labor docente e investigador dos profesores pertencentes ao sistema universitario de Galicia.

Con respecto ao establecido no artigo 8.1º da devandita orde, por acordo da CGIACA do 29 de xaneiro de 2008, concréntanse os cargos que poderán asimilarse aos sinalados na citada Orde do 16 de outubro de 2006, que se incorporan a esta resolución como anexo I.

De conformidade co establecido na Orde do 16 de outubro do 2006, o Consello de Dirección da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia convocará, mediante resolución, a apertura do prazo para a presentación de solicitudes para a asignación destes complementos retributivos.

Por Resolución do 21 de setembro de 2006 (DOG do 3 de outubro) publícanse os acordos do Consello de Dirección da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, polos que se delega no seu presidente a realización das convocatorias anuais de valoración previa á asignación de complementos retributivos, polo que, en virtude das citadas competencias delegadas,

RESOLVO:

Primeira.-*Obxecto.*

Aprobar a convocatoria ordinaria e abrir o prazo de presentación de instancias, para solicitar a valora-

ción previa á asignación das retribucións adicionais relativas ao complemento de recoñecemento polos cargos de xestión establecido no artigo 2.4º do Decreto 55/2004, do 4 de marzo, polo que se establecen as retribucións adicionais vinculadas a méritos adicionais docentes, investigadores e de xestión do profesorado universitario.

Segunda.-*Destinatarios.*

De conformidade co disposto no artigo 1 do Decreto 55/2004, do 4 de marzo, poderá solicitar a valoración previa á asignación das retribucións adicionais sinaladas na base anterior o persoal docente e investigador funcionario e contratado doutor en activo das universidades públicas que compoñen o sistema universitario de Galicia (SUG).

Terceira.-*Requisitos.*

De conformidade co citado artigo 1 do Decreto 55/2004, do 4 de marzo, o artigo 6.4º da mesma disposición, así como co disposto polo artigo 2.2º da Orde do 16 de outubro de 2006, pola que se publica o protocolo de avaliación elaborado pola Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA), relativo aos criterios e méritos de valoración previa e asignación dos complementos de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora, e de recoñecemento polos cargos de xestión, para obter a valoración positiva será preciso:

1. Ter desempeñado algún dos seguintes cargos: reitor de universidade, vicerreitor ou secretario xeral da universidade, decano ou director de facultade, escola técnica superior ou escola universitaria; vicedecano, subdirector ou secretario de facultade, escola técnica superior ou escola universitaria, director de departamento e secretario de departamento, director de instituto universitario, en calquera das institucións universitarias ou de educación superior públicas galegas, estatais ou europeas; e aqueles cargos directamente relacionados coa xestión académica ou coa investigación equiparados, para efectos exclusivos deste complemento, pola Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación recollidos no anexo I desta resolución.

2. Ter cesado no cargo por causa legal non derivada da comisión de delito ou falta no desempeño das funcións propias deste.

Computaranse os períodos de tempo de ocupación dos correspondentes cargos desde a entrada en vigor da Lei orgánica 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria, ata o 31 de decembro de 2007, sempre e cando nesta derradeira data xa se tivese producido o cesamento efectivo.

Cuarta.-*Solicitudes.*

As solicitudes dirixiranse ao presidente do Consello de Dirección da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) e presentaranse ante esta no modelo normalizado que se publica para o efecto como anexo II a esta resolución.

Estas solicitudes poderán presentarse en calquera dos rexistros relacionados no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídi-

co das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como nos rexistros de calquera das universidades integrantes do sistema universitario de Galicia.

Quinta.-Presentación da documentación.

1. Os solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

-Modelo normalizado de instancia que se publica para o efecto como anexo II.

-Fotocopia do documento acreditativo da identidade do solicitante (DNI ou equivalente).

-Relación de cargos desempeñados ata o 31 de decembro de 2007 que deberá cubrirse no modelo normalizado que se publica para o efecto como anexo III.

-Documentación acreditativa dos cargos desempeñados:

* Cargos desempeñados nas universidades pertencentes ao sistema universitario de Galicia: neste suposto non será preciso a presentación de documentación acreditativa dos citados cargos. A ACSUG, logo da autorización expresa dos solicitantes nas respectivas instancias, solicitaralles directamente a devandita información ás correspondentes universidades.

* Cargos desempeñados no resto de institucións: deberá achegarse a súa documentación xustificativa: certificado oficial emitido pola secretaría xeral da correspondente universidade ou órgano equivalente, ou, se for o caso, fotocopia dos boletíns ou diarios oficiais en que consten respectivamente o nomeamento e o cesamento.

2. Tanto o modelo normalizado de instancia (anexo II) como o de relación de cargos desempeñados (anexo III) deberanse cubrir en formato dixital, na aplicación informática a que se poderá acceder na páxina web: www.acsug.es. Unha vez cubertos estes documentos en formato dixital, deberanse imprimir e asinar debidamente. Unha vez feito isto, presentaranse ante a axencia do xeito que se establece na base cuarta, xunto cos demais documentos que se relacionan no punto anterior, sempre que non fosen remitidos telematicamente.

Sexta.-Prazo.

O prazo para presentar as instancias solicitando a asignación das retribucións adicionais relativas ao complemento de recoñecemento polos cargos de xestión será de 30 días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Sétima.-Admisión a trámite e emenda das solicitudes.

1. A ACSUG comprobará que as solicitudes presentadas en prazo cumpran cos requisitos establecidos pola Orde do 16 de outubro de 2006 e demais normativa de aplicación necesarios para admitilas a trámite.

2. Será imprescindible presentar a seguinte documentación:

-Modelo normalizado de instancia que se publica para o efecto como anexo II.

-Fotocopia do documento acreditativo da identidade do solicitante (DNI ou equivalente).

-Relación de cargos desempeñados ata o 31 de decembro de 2007 que deberá cubrirse no modelo normalizado que se publica para o efecto como anexo III.

3. Cando as solicitudes presentadas en prazo non acompañen os documentos exixidos no parágrafo anterior, ou non reúnan os requisitos exixidos no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, requirirase o interesado para que proceda á súa emenda de conformidade co disposto no citado artigo. No caso de non atender o devandito requirimento, entenderase que desisten da súa petición.

4. Rematado o prazo para a presentación de solicitudes, as correspondentes avaliacións faranse con base na documentación acreditativa dos cargos desempeñados que achegase o interesado ata ese momento e nas certificacións posteriores emitidas polas universidades do sistema universitario de Galicia por solicitude da ACSUG.

Oitava.-Procedemento.

1. O procedemento para a tramitación das solicitudes farase de conformidade co regulado na Orde do 16 de outubro de 2006, pola que se publica o protocolo de avaliación elaborado pola Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA), relativo aos criterios e méritos de valoración e aos procedementos para solicitar a valoración previa e asignación dos complementos de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigador e de recoñecemento polos cargos de xestión.

2. No suposto de que algún dos cargos desempeñados e alegados polos solicitantes non estivese incluído no anexo I desta resolución, a CGIACA será a encargada de decidir sobre a súa inclusión e valoración.

3. Os acordos de valoración adoptados polo Consello de Dirección da ACSUG, previos á asignación singular e individual dos referidos complementos polos consellos sociais das universidades, serán notificados a cada solicitante persoal e directamente, sen prexuízo do disposto na disposición adicional vixésimo primeira da Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (BOE do 13 de abril). Estes acordos esgotan a vía administrativa e poderán ser obxecto de recurso de reposición ante o mesmo órgano que os ditou ou ser impugnados directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

4. Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, os acordos de valoración adoptados polo Consello de Dirección da ACSUG, cando resulten positivos, seranlles notificados directamente pola ACSUG ás correspondentes universidades, para que procedan, se é o caso, polos seus consellos sociais, á asignación singular e individual dos referidos complementos.

Novena.-Protección de datos de carácter persoal.

Nesta convocatoria cúmprese co indicado na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección

de datos de carácter persoal (BOE nº 298, do 14 de decembro), e ponse en coñecemento dos interesados o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento dos seus datos persoais, que poderán exercer mediante escrito dirixido á Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia. Lamas de Abade, s/n. CIFP Compostela 5º andar, 15702 Santiago de Compostela (A Coruña).

Décima.-Entrada en vigor.

Esta resolución producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2008.

Guillermo Rojo Sánchez
Presidente do Consello de Dirección da Axencia
para a Calidade do Sistema Universitario
de Galicia

ANEXO I

Cargo académico* e equivalencias exclusivamente para efectos deste complemento

Cargo académico	Puntos/ano
Adxunto a Secretaría Xeral/vicesecretario xeral	0,50
Adxunto/a ao reitor/a	0,80
Adxunto/a ao vicerreitor/a	0,50
Coordinador/a de COU / coordinador/a LOXSE / presidente/a ou secretario/a tribunal único das PAAU / director/a grupo de traballo LOXSE	0,15
Decano/a e director/a de facultade/escola/colexio universitario	0,50
Director unidade de investigación dos servizos xerais / Animalario	0,25
Director/a académico do Servizo de Publicacións	0,40
Director/a asistencial universitario	0,50
Director/a centro de formación informática	0,30

Cargo académico	Puntos/ano
Director/a centros propios ou adscritos docentes	0,40
Director/a de Estación Biolóxica	0,40
Director/a da Unidade Técnica de Avaliación	0,40
Director/a de área, asesor/a ou coordinador/a	0,50
Director/a da Escola de Práctica Xurídica	0,30
Director/a de instituto universitario	0,30
Director/a de oficina ou programa	0,40
Director/a delegado/a de sección departamental	0,25
Director/a departamento	0,40
Director/a do Centro de Linguas	0,40
Director/a do Centro de Posgrao	0,50
Director/a IV ciclo, Universidade Sénior	0,40
Director/a Observatorio Astronómico	0,40
Director/a Observatorio Ocupacional	0,40
Director/a servizos de apoio á investigación e innovación, Siain	0,50
Director/delegado/a do Servizo de Información ao Estudante	0,40
Presidente/a comisión de doutoramento, biblioteca	0,40
Reitor/a	1,00
Representante/delegado/a na CIUG	0,80
Responsable gabinete do reitor	0,50
Secretario/a do Centro de Linguas	0,25
Secretario/a departamento, comisións de posgrao, doutoramento ou garantías	0,25
Secretario/a facultade/escola/colexio universitario	0,30
Secretario/a instituto universitario	0,15
Secretario/a IV ciclo/Universidade Sénior	0,25
Secretario/a xeral	0,80
Subdirector/a IV ciclo/Universidade Sénior	0,25
Valedor/a universitario/a, presidente/a da comisión/tribunal de garantías	0,80
Vicedecano/a, subdirector/a, xefe/a estudos de facultade/escola/colexio universitario	0,30
Vicepresidente comisión doutoramento ou posgrao	0,30
Vicepresidente/a tribunal de garantías	0,25
Vicerreitor/a	0,80
Vicerreitor/a adxunto/a e comisionado/a	0,80
Xerente	0,80

* As equivalencias dos cargos desempeñados nas administracións públicas autonómica, estatal ou europeas a que se refire o artigo 6.4º I do Decreto 54/2004, do 4 de marzo, que regula estes complementos, serán decididas pola CGIACA individualmente, tendo en conta a relevancia do cargo e a súa relación coa xestión da educación superior, a investigación, o desenvolvemento e a innovación.

ANEXO II

Solicitud de valoración previa á asignación das retribucións adicionais vinculadas aos cargos de xestión

1. DATOS DO SOLICITANTE

1º apelido	2º apelido	Nome	DNI
Enderezo		Data nacemento	Sexo
Código postal	Cidade	Provincia	
Teléfono	Fax	Correo electrónico	

2. DATOS ADMINISTRATIVOS

Profesor: CU <input type="checkbox"/> TU <input type="checkbox"/> CEU <input type="checkbox"/> TEU <input type="checkbox"/> CD <input type="checkbox"/>	Universidade:
Centro:	Departamento:
Área coñecemento:	Código:
Data toma posesión como funcionario out CD	

3. DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA. Simular cunha aspa o tipo de documentación que se xunta á solicitude.

<input type="checkbox"/>	1. Fotocopia do DNI ou documento equivalente
<input type="checkbox"/>	2. Relación de cargos desempeñados (anexo III)
<input type="checkbox"/>	3. Xustificación dos cargos alegados
<input type="checkbox"/>	4. Outros documentos (indicar calcs)

EXPÓN:

Que os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se xuntan son certos, asumindo en caso contrario as responsabilidades que puidesen derivar das inexactitudes que consten.

Que coñece e acepta todos os requisitos e as obrigas expresados na resolución de convocatoria, incluída a autorización expresada coa sinatura desta solicitude para que a ACSUG lles solicite ás distintas universidades do SUG a verificación dos datos alegados relevantes para a avaliación.

Que considero reunir todos os requisitos exixidos, polo que SOLICITO a concesión do complemento arriba indicado.

..... de de 2008.

Sinatura do solicitante

PRESIDENTE DO CONSELLO DE DIRECCIÓN DA AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA.

R/ Lamas de Abade, s/n. Edificio IES Compostela-5º andar, 15702 Santiago de Compostela.

De acordo coa Lei orgánica de protección de datos, infórmase de que os seus datos van ser incorporados a un ficheiro automatizado, que ten a finalidade de avaliar as solicitudes presentadas para a asignación de complementos retributivos segundo as bases desta convocatoria. Ponse no seu coñecemento o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento dos seus datos persoais mediante escrito dirixido á AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA - Lamas de Abade, s/n - IES Compostela 5º andar- 15702 Santiago de Compostela (A Coruña).

Marque con X este cadro se desexa colaborar coa ACSUG en análises estatísticas e medición de satisfacción.

Marque con X este cadro se desexa que a ACSUG lle comunique a través do correo electrónico indicado a resolución provisional da valoración.

